



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E O CONCELLO DE XOVE PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE COMPENSACIÓN E REEQUILIBRIO AMBIENTAL E TERRITORIAL, E PAISAXÍSTICO, FINANCIADO NO MARCO DO FONDO MINEIRO AMBIENTAL E PAISAXÍSTICO (FOMAP)

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital (04/08/2026)

REUNIDOS:

, conselleira de Economía e Industria da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril; no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra parte, , alcalde do Concello de Xove, nomeado no Pleno da Corporación do día 17 de xuño de 2023, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o artigo 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ambos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos deste convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN:

Primeiro.- De conformidade co artigo 103.1 da Constitución Española, a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Seguindo este mandato constitucional, cómpre impulsar políticas públicas de cooperación interadministrativa en especial na posta en valor dos recursos locais que teñen un impacto directo na calidade de vida das persoas e das colectividades.

Segundo.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

O actual contexto de austeridade e control do gasto público no que se desenvolve a actuación do conxunto das administracións obriga a activar mecanismos de colaboración e cooperación tendentes á xestión eficiente dos recursos dispoñibles, co



obxecto de garantir a prestación de servizos á cidadanía en condicións de calidade e igualdade.

Terceiro.- Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en relación coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscrición de convenios.

Cuarto.- O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, establece que as Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Pola súa banda, o apartado 7 do mesmo artigo puntualiza que cando un convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento.

Quinto.- O Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria (en adiante CEI), configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións nos ámbitos de promoción e dinamización da actividade mineira e da planificación dos recursos minerais.

As competencias en materias de minas están atribuídas á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas e, a través da Subdirección Xeral de Recursos Minerais, correspóndelle, entre outras, o fomento de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia.

Sexto.- A Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, crea o imposto compensatorio ambiental mineiro (ICAM) como un imposto propio da Comunidade Autónoma de Galicia, e constitúese como un instrumento fiscal de carácter medioambiental, compatible coas obrigas de recuperación ambiental dos terreos afectados polas labores mineiras. O feito impoñible deste imposto é a alteración da superficie como consecuencia da extracción a partires das concesións de explotación e o depósito ou almacenamento en vertedoiros públicos ou privados, situados na Comunidade Autónoma de Galicia de residuos mineiros procedentes da extracción ou derivados do proceso de beneficio, dos minerais metálicos industriais e metais preciosos da sección C) nos termos da Lei 22/1973 do 21 de xullo de minas. As actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial, paisaxísticas e de desenvolvemento tecnolóxico mineiro nas que se manifeste a afectación do ICAM



canalizaranse por medio da dotación do Fondo Mineiro Ambiental e Paisaxístico (en diante Fomap).

En canto ao destino do Fomap, establécese no artigo 25 da Lei 12/2014: "...destinarase integramente ao financiamento de determinados gastos de investimento, principalmente nas zonas afectadas polas explotacións mineiras e os almacéns xestionados polos suxeitos pasivos do ICAM." e indicando no apartado 2.a) unha das principais actuacións ás que se destinará o mesmo: "... actuacións orientadas á recuperación do medio natural e da paisaxe, así como á mellora das condicións socioeconómicas e do desenvolvemento sustentable".

Sétimo.- Segundo dispoñen os artigos 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80.1 da LALGA, os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderán promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Oitavo.- O Concello de Xove na comarca da Mariña Lucense conta cunha importante tradición industrial dende finais da década de 1970 asociada fundamentalmente ao asentamento, a cabalo entre este concello e Cervo, do complexo metalúrxico de Alcoa e que conleva unha forte dependencia económica, social e territorial.

Xove alberga unha das infraestruturas críticas intimamente relacionada co proceso fabril deste complexo, o depósito de lodos vermellos. O devandito depósito de lodos vermellos de Alcoa comezou a súa construción en 1979, e ten a súa orixe nos procesos químicos da refinería e da fábrica do complexo industrial de Alcoa en San Cibrao, sendo estes lodos un subproduto do proceso Bayer, empregado para extraer alúmina (óxido de aluminio) a partires da bauxita. A instalación ocupa unha superficie de máis de 116 hectáreas e conta con uns muros de contención que no seu conxunto superan os 80 metros de altura.

As instalacións de produción de Alcoa son a principal industria do concello, o que implica unha forte dependencia económica, social e territorial. Esta estreita relación maniféstase a través dos seguintes factores clave:

- Motor de emprego local: o complexo xera uns 1.050 postos de traballo directos e miles de indirectos en toda a comarca da Mariña Lucense. Grande parte da poboación de Xove traballa na factoría ou en empresas auxiliares.
- Dependencia orzamentaria: implica que se xeren tensións orzamentarias no concello en períodos de baixa produción ou paradas pola baixa recadación do Imposto de Actividades Económicas (IAE).
- Plan de emerxencias exterior do depósito de lodos vermellos de Alcoa en Xove: único en Galicia de este tipo de depósitos.
- Xestión de infraestruturas: o concello xoga un papel determinante na continuidade da planta coas autorizacións para os sucesivos recrecidos da balsa de lodos.



- Mobilización social: a defensa da fábrica define a identidade contemporánea do municipio. Os comercios e veciños de Xove organizan de forma recorrente marchas e protestas masivas para exixir o mantemento da produción.
- Impacto medioambiental e paisaxístico no territorio: o concello de Xove asume de forma permanente a totalidade das externalidades territoriais, visuais e de xestión derivadas do almacenamento a gran escala dos residuos industriais.

Noveno.- Con data 23.06.2026, o Concello de Xove, como territorio afectado por actividades suxeitas ao ICAM, presentou solicitude de financiamento, a través dun convenio de colaboración, de diversas actuacións a executar este ano 2026, fundamentándoa na necesidade de destinar parte dos ingresos obtidos polo ICAM, a reparar e impulsar o territorio que soporta a carga ambiental correspondente que motiva o dito ingreso e que deriva especificamente do depósito de residuos do complexo industrial de Alcoa. Xunto coa solicitude achegou unha relación de actuacións, consistentes fundamentalmente na mellora de infraestruturas e servizos públicos, enmarcadas nos obxectivos establecidos no artigo 25.2.a) da Lei 12/2014 e que xustifican o seu financiamento a través do Fondo Mineiro Ambiental e Paisaxístico (Fomap), fondo receptor dos ingresos do ICAM.

Nos termos descritos anteriormente, a execución das actuacións que constitúen o obxecto deste convenio son necesarias para acadar a compensación e reequilibrio ambiental, territorial e paisaxístico, poñendo a disposición da poboación do Concello de Xove unha dotación do Fomap, canalizada a través do presente convenio, revertendo nos seus habitantes e destinándose polo tanto a un fin público e social como é a mellora en infraestruturas e dos servizos públicos municipais, a mellora da calidade paisaxística e do desenvolvemento sustentable do municipio, revalorizando a zona e polo tanto revertendo este valor na comunidade.

A conxuntura descrita, os obxectivos e a necesaria execución das actuacións nesta anualidade, acreditan a existencia de razóns de interese público e social que xustifican a colaboración por parte da Xunta de Galicia coa Administración municipal para facer posible a efectiva consecución de actuación referida.

Décimo.- Por todo o anterior, as actuacións obxecto do convenio responden ao interese xeral e existen razóns de interese público, social e económico que xustifican, conforme ao artigo 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante LSG), a colaboración da Xunta de Galicia, a través da CEI, no financiamento das ditas actuacións a través deste convenio para a concesión dunha subvención directa de carácter singular ao concello de Xove.

Undécimo.- Con base en todo o anterior e co obxecto de levar a cabo as actuacións previstas que redundan no municipio e os seus habitantes, a CEI e o Concello de Xove acordan subscribir este convenio de colaboración para facer posible a efectiva consecución das referidas actuacións segundo as seguintes,



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e descrición das actuacións

Este convenio ten como obxecto regular a colaboración entre a CEI e o Concello de Xove para a execución material das actuacións dirixidas á recuperación do medio natural e da paisaxe, así como á mellora das condicións socioeconómicas e do desenvolvemento sustentable do municipio.

Segunda.- Interese público concorrente

Segundo o artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de maneira directa, con carácter excepcional, (...) aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Nos termos descritos na parte expositiva, a execución das actuacións que constitúe o obxecto deste convenio cumpre coa finalidade deste fondo de compensación e reequilibrio ambiental e territorial, paisaxísticas e de desenvolvemento tecnolóxico mineiro do territorio afectado do ICAM como é o concello de Xove. A través da dotación do Fondo Mineiro Ambiental e Paisaxístico (Fomap) ponse a disposición da poboación xeral a mellora en infraestruturas e dos servizos municipais, a mellora da calidade paisaxística e o desenvolvemento sustentable do municipio, revalorizando as zonas das actuacións e polo tanto revertendo este valor na comunidade e nos seus habitantes, acadando polo tanto nun fin social.

Terceira.- Custo das actuacións

Para a execución do convenio estímase o seu custo total en UN MILLÓN CATROCENTOS CINQUENTA E OITO MIL NOVECENTOS OITENTA E SETE EUROS CON CINQUENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.458.987,59 €), IVE incluído, segundo as actuacións e coa desagregación orzamentaria indicada a continuación:

Bloque I: Mellora do Ciclo Hidráulico e Saneamento Ambiental

Actuación / Proxecto		Valoración (€)	Solicitud (€)
1	PROXECTO TÉCNICO DE MELLORA DA REDE DE SUMIDOIROS NO ACCESO AO CAMPO DE FÚTBOL (P 17/26)	89.341,11	57.341,11
2	MEMORIA VALORADA PECHE PERIMETRAL DE PARCELA MUNICIPAL PARA ACOPIO DE RESIDUOS	17.961,00	17.961,00
3	MEMORIA VALORADA MELLORA DA CANALIZACIÓN DE AUGAS PLUVIALES EN LAVANDEIRAS – XOVE	18.069,86	18.069,86
4	MEMORIA VALORADA TRABALLOS DE MELLORA DO SANEAMENTO EN ACCESO O CAMPOSANTO EN MONTE	4.174,60	4.174,60
5	MEMORIA VALORADA DA REDE DE SANEAMENTO EN PRADA-	12.997,42	12.997,42



	XUANCES		
6	MEMORIA VALORADA CANALIZACIÓN DE SANEAMENTO DE PLUVIAIS EN LG. VILACHÁ	7.539,56	7.539,56
7	MEMORIA VALORADA EXECUCIÓN DUN DRENAXE LONXITUDINAL ACCESO VIVENDAS EN PORTOCELO	7.175,60	7.175,60
8	MEMORIA VALORADA EXECUCIÓN DA MELLORA DA CANALIZACIÓN DE ABASTECIMENTO NO LUGAR DS CARBALLÁS - XOVE.	6.433,38	6.433,38
9	MEMORIA VALORADA EXECUCIÓN DE ARQUETAS DE REXISTRO PARA A REDE DE ABASTECIMENTO EN REGOSANGÜENTO	12.305,25	12.305,25
10	MEMORIA VALORADA EXECUCIÓN DA MELLORA DA CANALIZACIÓN DE ABASTECIMENTO NO CRUCE VIAL ACCESO Á RIGUEIRA NO CENTRO URBANO DE XOVE	11.187,70	11.187,70
11	REDACCIÓN MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DO TRATAMENTO DO SISTEMA XERAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E PROXECTO DE EFICIENCIA	18.029,00	18.029,00
12	AMPLIACIÓN DA EDAR DO PARQUE EMPRESARIAL CAMBA	74.919,86	14.983,97
	TOTAL BLOQUE I	280.134,34	188.198,45

Bloque II: Cohesión Territorial, Pavimentación e Seguridade Viaria Rural

Actuación / Proxecto		Valoración (€)	Solicitude (€)
1	MEMORIA VALORADA BACHEOS CON TRATAMENTOS ASFÁLTICOS NOS VIAIS PRADOVELLO-PONTE DO CARRO, VILA-LABRADELA, LAMAS-LABRADELA (A RIGUEIRA)	16.435,43	16.435,43
2	MEMORIA VALORADA BACHEOS ASFÁLTICOS NO VIAL DE SUMOAS A LAGO.	12.980,58	12.980,58
3	BACHEOS CON TRATAMENTO ASFÁLTICO DE TAROLO A CORNIDE	12.877,85	12.877,85
4	MEMORIA VALORADA MELLORA DAS ACERAS NO ACCESO A URBANIZACIÓN DE PALMEIRO.	18.129,38	18.129,38
5	MEMORIA VALORADA PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE ACCESOS A VIVIENDAS EN LAMABOA – XOVE	13.513,28	13.513,28
6	MEMORIA VALORADA PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE ACCESOS A VIVIENDAS EN PUMARIÑO – XOVE	5.637,63	5.637,63
7	MEMORIA VALORADA PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE ACCESOS A VIVIENDAS EN REBOREDO (XUANCES).	13.846,03	13.846,03
8	MEMORIA VALORADA TRABALLOS DE LIMPEZA DE CUNESTAS E ACONDICIONAMENTO DE PISTA DESDE VILACHÁ A PUNTA MEITÓN (PORTOCELO)	11.616,00	11.616,00
9	MEMORIA VALORADA TRABALLOS DE LIMPEZA DE CUNESTAS E ACONDICIONAMENTO DE PISTA EN PRADA (XUANCES)	5.517,60	5.517,60
10	MEMORIA VALORADA TRABALLOS DE LIMPEZA EN PISTAS FORESTAS E LIMPEZA DE CUNETAS EN LOUREIRO – MONTE (XOVE)	16.625,76	16.625,76
11	MEMORIA VALORADA TRABALLOS DE LIMPEZA E REPARACIÓN DE PISTA FORESTAL E CUNETAS EN ALDEA DE ARRIBA-MORÁS	15.899,40	15.899,40



12	SINALIZACIÓN VERTICAL E HORIZONTAL EN VARIAS ZONAS DO CONCELLO	45.554,49	45.554,49
13	PROXECTO TÉCNICO PAVIMENTACIÓN E MELLORA NOS VIAIS DE ACCESO A BARREIRO E ALDEA DE ARRIBA	120.754,74	60.000,00
14	PROXECTO TÉCNICO PAVIMENTACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL DO ACCESO A ABELÁ	46.491,72	46.491,72
15	PROXECTO TÉCNICO PAVIMENTACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL DO ACCESO A CASAS LONGAS	16.575,14	16.575,14
16	PROXECTO TÉCNICO REHABILITACIÓN DO FIRME DA ESTRADA CRUCEIRO-PORTOCELO	492.945,42	186.648,46
17	PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO DA OBRA DA ESTRADA A GULPILLEIRAS	18.148,61	18.148,61
18	REDACCIÓN PROXECTO DE MELLORA DA PONTE DA BARXA (EN PRECARIO ESTADO POLO TRÁFICO QUE SOPORTA)	18.029,00	18.029,00
19	BACHEOS ASFÁLTICOS NO VIAL DE SOUTOVELLO-A LABRADELA	8.097,38	8.097,38
	TOTAL BLOQUE II	909.675,44	542.623,74

Bloque III: Recuperación de Espazos Públicos, Conciliación e Deporte

Actuación / Proxecto		Valoración (€)	Solicitud (€)
1	MEMORIA VALORADA EQUIPAMENTO XIMNASO MUNICIPAL	6.843,97	6.843,97
2	PROXECTO TÉCNICO MELLORA DO CENTRO SOCIAL DE MORÁS E DO SEU	35.430,02	35.430,02
3	MEMORIA VALORADA EXECUCIÓN DUNHA SOLEIRA E O CAMBIO DE UBICACIÓN DE TRES LUMINARIAS PARQUE DEPORTIVO	17.318,00	17.318,00
4	MEMORIA VALORADA TRABALLOS DE REPARACIÓN DA VIVIENDA 2º A SITA NA AVDA. DEPUTACIÓN Nº 28 - XOVE.	17.599,45	17.599,45
5	PROXECTO TÉCNICO TRABALLOS DE SUBSTITUCIÓN E MELLORA DO EQUIPAMENTO NO PARQUE INFANTIL DE XOVE	34.946,37	34.946,37
6	MEMORIA VALORADA TAQUILLAS FENÓLICAS PARA VESTIARIOS DO CONCELLO DE XOVE	12.986,45	12.986,45
7	PROXECTO TÉCNICO REHABILITACIÓN E MELLORA DE PISTA POLIDEPORTIVA DO PARQUE INFANTIL	18.128,44	18.128,44
8	TOTAL BLOQUE III	143.252,70	143.252,70

Bloque IV: Desenvolvemento Económico, Turismo Sustentable e Patrimonio

Actuación / Proxecto		Valoración (€)	Solicitud (€)
1	REDACCIÓN PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA ÁREA DE REPARTO D.1.A3	18.029,00	18.029,00
2	MEMORIA VALORADA PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DA ÁREA RECRETATIVA DE RONCADOIRA-VILACHÁ	16.802,23	16.802,23
3	MEMORIA VALORADA PAVIMENTACIÓN E ACCESO AO ESPAZO NATURAL DE MONTE MAIOR	39.878,43	39.878,43
4	MEMORIA VALORADA PARA RECUPERACIÓN DE HÓRREO TRADICIONAL EN XOVE	17.281,91	17.281,91



5	MEMORIA VALORADA PARA SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA DA FONTE E LAVADOIRO DE REBOREDO	15.950,52	15.950,52
6	MEMORIA VALORADA TRABALLOS DE ACONDICIONAMENTO DE PARCELA EN POLÍGONO INDUSTRIAL DE CAMBA	17.983,02	17.983,02
	TOTAL BLOQUE IV	125.925,11	125.925,11

TOTAL PROGRAMAS

Cadro Final de Consolidación: Sumatorio do Plan de Investimentos			
Bloque Estratéxico	Valoración (€)	Solicitude (€)	% do Total
Bloque I: Mellora do Ciclo Hidráulico e Saneamento Ambiental	280.134,34	188.198,45	18,82 %
Bloque II: Cohesión Territorial, Pavimentación e Seguridade Viaria Rural	909.675,44	542.623,74	54,26 %
Bloque III: Recuperación de Espazos Públicos, Conciliación e Deporte	143.252,70	143.252,70	14,33 %
Bloque IV: Desenvolvemento Económico, Turismo Sustentable e Patrimonio	125.925,11	125.925,11	12,59 %
TOTAL SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO (ICAM)	1.458.987,59	1.000.000,00	100,00 %

Calquera modificación das cláusulas do presente convenio deberá ser solicitada á CEI, quen decidirá sobre a súa procedencia, e no caso de aceptarse levarase a cabo a súa formalización mediante a correspondente addenda, consonte ao artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sen prexuízo do anterior e sen necesidade de instar o procedemento de modificación do convenio, poderanse aceptar variacións nas partidas de gasto das actuacións subvencionadas coa limitación do 20 %, é dicir, admitirase como válido o gasto da cantidade concedida para cada tipoloxía de actuación máis un desvío producido como máximo do 20%, sempre que non aumente o importe total do gasto aprobado e que non se desvirtúen as características dos programas.

Cuarta.- Obrigas da Consellería de Economía e Industria

1.- Para o financiamento das actuacións que constitúe o obxecto deste convenio de colaboración, a Xunta de Galicia, a través da CEI, achegará, ata un máximo de UN MILLÓN DE EUROS (1.000.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 09.04.734A.760.2 "Valorización recursos nos concellos", dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para os exercicios 2026.

2.- No suposto de que se produzan variacións á alza no custo final das actuacións, calquera que sexa a causa, estas variacións serán asumidas integramente polo Concello de Xove, sen que en ningún caso a achega da CEI exceda da cantidade indicada.



3.- No suposto de que se produzan variacións á baixa no custo final das actuacións derivadas dos procedementos de licitación ou doutras causas, a achega da CEI non superará o custo final das actuacións, nin excederá do millón de euros.

Quinta.- Carácter da achega

De conformidade co disposto nos artigos 19.4 e 26 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega referida na cláusula anterior, constitúe unha subvención de concesión directa xustificada en razóns de interese público de conformidade co exposto na cláusula segunda do presente convenio.

Dado que a titularidade dos terreos sobre os que son precisas as actuacións materiais a realizar corresponde ao Concello de Xove, non é factible subvencionar a actuación a ningunha outra entidade pola que queda plenamente xustificada a concesión desta axuda a través do procedemento de concesión directa.

Sexta.- Obrigas específicas do Concello de Xove

1.- Ao Concello de Xove correspóndelle licitar, adxudicar e xestionar os contratos necesarios para a execución deste convenio, ata a terminación definitiva ou execución total das actuacións que constitúen o obxecto do convenio.

En consecuencia, o Concello de Xove realizará todas as actuacións necesarias para a execución obxecto deste convenio, incluíndo a tramitación dos procedementos de contratación e a licitación da redacción dos proxectos e documentos técnicos necesarios.

Para estes efectos, o Concello de Xove poderá subcontratar a totalidade das actuacións que constitúen o obxecto deste convenio actuando o concello como órgano de contratación, sen prexuízo do cumprimento do establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade coa normativa reguladora da contratación do sector público.

Por outra banda, será responsabilidade exclusiva do Concello de Xove a obtención dos informes, autorizacións, concesións, licenzas ou permisos que deban ser emitidos ou outorgados por este concello e polas distintas administracións competentes para a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

2.- A maiores, e sen prexuízo das demais obrigas especificadas nas cláusulas deste convenio así como das obrigas que resulten da lexislación orzamentaria, de réxime local e da restante normativa aplicable, o Concello de Xove comprométese a executar as actuacións referidas na cláusula primeira nos termos seguintes:

a) Destinar os fondos que perciba ao obxecto concreto deste convenio, executar as actuacións obxecto deste convenio no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 18 de decembro de 2026 e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.



b) Financiar con fondos propios ou outras axudas ou subvencións procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, a contía restante que puidese resultar e da que non se contempla o seu financiamento por parte da CEI.

c) Xustificar ante a Xunta de Galicia o cumprimento do convenio e a execución das actuacións que constitúen o obxecto deste así como o seu custo real, no tempo e na forma establecidas neste convenio.

d) As restantes obrigas que resulten aplicables recollidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo das cláusulas deste convenio.

Sétima.- Obrigas previas á sinatura do convenio

1.- Con carácter previo á subscrición deste convenio, o Concello de Xove acreditou, ante a CEI, que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se contempla no artigo 14.1 e) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e no artigo 11.e) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.- Tamén con carácter previo á sinatura do convenio, o concello achegou unha declaración responsable de atoparse ao corrente no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos do artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.- Así mesmo, o Concello de Xove acreditou o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Oitava.- Obtención doutras subvencións ou recursos

1.- O Concello de Xove comunicaralle á CEI a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións obxecto deste convenio así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a subscrición do convenio e a concesión da achega económica. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza o financiamento e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da subvención. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderá dar lugar á modificación do convenio.



2.- O importe financiado en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo das actuacións desenvolvidas.

Novena.- Facultades de inspección e control

1.- Sen prexuízo do disposto no artigo 60.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a CEI poderá levar a cabo as actividades de inspección e comprobación que considere oportunas para controlar o cumprimento do obxecto e das obrigas deste convenio.

2.- Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, a entidade beneficiaria estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas. Para estes efectos, o Concello de Xove deberá prestar a súa colaboración e facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións.

Décima.- Transparencia e publicidade da colaboración

1.- As partes asinantes deste convenio consenten expresamente o tratamento dos datos relevantes deste convenio, incluídos os datos de carácter persoal, e a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e/ou na páxina web da CEI, e no portal do Rexistro de Convenios, de acordo co establecido na normativa reguladora das subvencións e na normativa sobre transparencia e goberno aberto, así como, na Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

2.- Do mesmo xeito, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, as partes asinantes deste convenio consenten expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes nos rexistros públicos que proceda.

3.- No lugar de execución das actuacións así como en todas as actuacións divulgativas das mesmas farase constar, nun lugar destacado, a colaboración da CEI e utilizaranse, cando proceda, a imaxe corporativa institucional da Xunta de Galicia. No lugar de execución das actuacións, as medidas de publicidade do financiamento recibido consistirán, como mínimo, nun cartel explicativo permanente nunha localización facilmente visible.

Undécima.- Relación laboral coa Consellería de Economía e Industria



A subscrición deste convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades ou executar ou dirixir as obras ou actuacións obxecto deste convenio e a Xunta de Galicia, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Décimo segunda.- Conta xustificativa

1.- A CEI transferirá os fondos ao concello de Xove cando se teña executada a totalidade das actuacións obxecto do convenio e logo de que o concello teña achegada a documentación xustificativa que acredite o investimento realizado. Admitiranse actividades levadas a cabo dende o 1 de xaneiro de 2026 ata a data de xustificación.

En todo caso os pagos efectuaranse unha vez examinada e conformada a xustificación presentada polo concello.

En relación a gastos correspondentes a actuacións efectivamente realizadas dentro do período de vixencia do convenio e dos que non exista a posibilidade de ser aboados antes da data límite prevista para a súa xustificación, como pode ser o IRPF retido en facturas emitidas por autónomos, de acordo co artigo 29.2 da LSG, o Concello de Xove acreditará a súa obriga do aboamento mediante declaración responsable expedida ao efecto. Para os efectos de control e verificación dos gastos incluídos neste suposto, a documentación adicional acreditativa destes pagamentos presentarse, en todo caso, antes do 15 de febreiro de 2027.

2.- De acordo co artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e co artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, o concello estará obrigado a xustificar o cumprimento da finalidade da subvención e o seu custo real mediante a presentación da conta xustificativa que estará integrada, con carácter xeral, pola seguinte documentación:

a) Memoria xustificativa das actuacións desenvolvidas asinada por técnico competente, na que se especificarán en detalle as actividades realizadas e á cal se acompañará dun exemplar do proxecto de execución material, se é o caso.

b) Certificación detallada dos gastos expedida pola Intervención municipal na que se faga constar a toma de razón en contabilidade dos gastos realizados e o cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a achega, con especificación dos conceptos e importes executados e das correspondentes facturas con identificación do/a acredor/a, número de factura e data de emisión así como as datas de recoñecemento da obriga e de pagamento.

c) Certificación expedida polo secretario/a do concello, co visto e prace do alcalde, relativa a:

- O cumprimento da finalidade e do obxecto do convenio.



- Relación de procedementos de contratación levados a cabo para a execución das actuacións obxecto deste convenio, identificación dos contratos asinados e dos seus principais datos incluíndo o importe das adxudicacións, e acreditación de que na tramitación, contratación e execución das obras e demais actuacións cumpriuse a normativa en materia de contratación do Sector Público así como a normativa específica de aplicación no ámbito local, detallando a efectiva achega de tres orzamentos nos supostos nos que proceda en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia.

- A aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención do período correspondente.

d) Declaración responsable asinada pola persoa representante da entidade local referida á obtención doutras subvencións, axudas o recursos que financien as mesmas actividades obxecto do convenio, acreditando o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.

e) Declaración responsable asinada pola persoa representante da entidade local consonte o Concello non é debedor por resolución de procedemento de reintegro de subvencións públicas.

f) Acreditación de que o Concello de Xove se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma mediante certificacións, autorización á CEI para solicitar as ditas certificacións de estar ao corrente ou declaración responsable de quen ostente a representación da entidade local, consonte o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O prazo para presentar a xustificación do convenio finalizará o 18 de decembro de 2026.

3.- Consideraranse subvencionables os gastos que respondan de xeito indubidable á natureza da actuación subvencionada. Considerarase gasto realizado, de acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia, o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación sinalado no parágrafo anterior.

4.- En aplicación do disposto no artigo 65.4 c) do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, o Concello de Xove queda exonerado do deber de constituír a garantía para asegurar o cumprimento dos compromisos asumidos na súa condición de beneficiario.

Décimo terceira.- Perda do dereito ao cobramento



Producirase a perda do dereito do Concello de Xove ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou no suposto de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia que resulten aplicables.

Décimo cuarta.- Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes, de conformidade co procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia que resulten aplicables e, ademais, nos seguintes supostos:

a) Exceso de financiamento da CEI en execución deste convenio, procedendo o reintegro polo importe pagado que supere o custo das actuacións desenvolvidas.

b) Incumprimento das obrigas do Concello de Xove recollidas ao longo deste convenio, cando así se estableza.

Décimo quinta.- Comisión de seguimento

1.- Para facilitar a coordinación entre as partes asinantes e o seguimento da execución do obxecto do convenio e do cumprimento das súas cláusulas, constituirase unha comisión de seguimento integrada por:

- Dous representantes do Concello de Xove.
- Dous representantes da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas. Actuando como presidente da devandita comisión a persoa titular da Subdirección Xeral de Recursos Minerais, ou a persoa en quen delegue, e como secretaria desta a persoa titular da Xefatura de Servizo de Xestión Mineira, ou a persoa en quen delegue.

A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2.- As funcións da comisión serán:

- Facilitar a coordinación entre as partes asinantes.
- Seguimento da execución do obxecto do convenio e do cumprimento das súas cláusulas.
- Interpretación do convenio e resolución de dúbidas.
- Proposta, de ser o caso, de addendas.
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento e bo fin deste convenio.

Décimo sexta.- Extinción do convenio e causas de resolución

1.- Este convenio extingúese polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.



2.- Son causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial do obxecto do convenio así como o incumprimento de calquera das cláusulas e obrigas establecidas nel.
- b) O acordo unánime das partes asinantes.
- c) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- d) O transcurso do prazo de vixencia do mesmo, se ter acordado prórroga.
- e) Calquera outra causa prevista nas leis.

De resolverse o convenio, a CEI poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

Décimo sétima.- Vixencia do convenio

1.- Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e esténdese ata o 31 de decembro de 2026. Consonte ao recollido no apartado 2.a) da cláusula sexta, admitiranse actividades anteriores á súa sinatura levadas a cabo dende o 1 de xaneiro de 2026.

2.- Este convenio é susceptible de prórroga sempre que, antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, as partes asinantes tramiten e subscriban a correspondente addenda.

Décimo oitava.- Natureza xurídica e réxime xurídico

1.- Este convenio ten natureza administrativa de conformidade coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido nos seus artigos 4 e 6, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

2.- Este convenio rexerase polas súas propias cláusulas e está suxeito ao disposto no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares publicado mediante a resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), así como ao disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

3.- En todo o non previsto expresamente neste convenio, o réxime da subvención que a través del se instrumenta será o establecido nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 21 de xullo, e do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento



autonómico que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nas demais normas de dereito administrativo.

4.- As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas, logo do informe ou proposta da comisión de seguimento, pola CEI quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Lido este documento e en proba de conformidade, asínase polas partes na data indicada na sinatura dixital deste documento.

A conselleira de Economía e Industria

O alcalde do Concello de Xove